



# Boletín de Medio Ambiente



## Praia de Morouzos

Concello: Ortigueira

Características: ventosa e con ondada moderada, de 2.000 metros de lonxitude, atópase dentro da Rede Natura 2000 ao estar incluído no LIC 'Ortigueira-Mera', na zona Ramsar 'Ría de Ortigueira e Ladrado', e na zona ZEPA de protección de aves que leva este mesmo nome.

Curiosidades: practícanse deportes como o surf e windsurf e conta cun nivel de ocupación medio, adóitase ocupar só o terzo central e dispón dunha gran extensión dunar e un piñeiral con área recreativa.

## Noticias

### Mantas térmicas para salvar un glaciar

Os residentes da zona de Obergoms, nos Alpes Suízos, envolven con mantas térmicas partes do glaciar Ródano cada primavera para evitar un maior derretimento. O glaciar de máis de 3600 metros de altura, situado na parte sur dos Alpes suízos, alimenta o río *Rhône* e o lago de Xenebra, pero nos últimos 150 anos reduciuse considerablemente. Só na última década, perdeu unha media de 10 metros de espesor de xeo.

As mantas de lona branca evitan que a luz do sol afecte menos o glaciar de Ródano, para tratar de reducir a cantidade que desaparece cada ano. Un glaciólogo suízo, asegura que esta técnica funciona porque as mantas poden reducir o derretimento estacional ata nun 70%.

Fonte: La Vanguardia

### Un canguro morre apedreado nun zoo de China

Un canguro morreu tras ser apedreado polos visitantes do zoo de *Fuzhou*, en China. Os visitantes, ao atopar ao animal durmido, decidiron tirarlle pedras e ladrillos para que espertase e saltase. Como consecuencia dos malos tratos sufridos, a canguro foi atendida e curada da ferida que tiña no pé, pero morreu días máis tarde por mor dunha profunda hemorraxia interna. Segundo o zoo, a súa morte foi debida ás lesións internas causadas polas pedras que lle lanzaron os visitantes.

O incidente produciuse o pasado mes de febreiro, pero unhas semanas despois produciuse un incidente similar no que resultou ferido un canguro de 5 anos de idade.

Fonte: 20 minutos



## Os falsos mitos máis estendidos sobre a reciclaxe

Os propios beneficios ambientais, sociais e económicos desmontan por si mesmos os falsos mitos. Nin outros países pagan aos cidadáns por separar os residuos, nin se mesturan os refugallos dos camións: estes son os bulos máis estendidos sobre a reciclaxe. As escusas comúns para eludir a responsabilidade ambiental de cada cidadán.

- ✘ É unha molestia en casa: bastan tres bolsas: unha para orgánico, outra para envases e outra para papel. Grazas a ese pequeno xesto afórrase enerxía, auga e materia prima. E en certos casos, como o do vidro, a súa reutilización é do 100 % do material.
- ✘ Non ten repercusión económica directa: a actividade da xestión da reciclaxe de envases domésticos xera máis de 42.600 postos de traballo en España, 9.400 deles de forma directa.
- ✘ O camiión de lixo mestura o contido dos colectores: algo totalmente falso, os camiións teñen un sistema bicompartimental, o que fai posible a recollida de diferentes residuos.
- ✘ «Xa pago unha taxa. Que se encarguen»: a recollida selectiva non se financia coas taxas de lixo. É o pago das empresas as que financian esa actividade a través do pago do chamado "Punto Verde". Con eses ingresos, sistemas de xestión como *Ecoembes* ou *Ecovidrio* financian as recollidas selectivas que realizan as entidades locais.
- ✘ É máis caro reciclar que fabricar con novas materias: os beneficios inclinan a balanza a favor dos produtos reciclados porque non só se aforra enerxía e auga, senón que tamén se reducen as materias primas utilizadas e, por extensión, a enerxía e a contaminación oxixinadas na obtención do material.

Fonte: La Voz de Galicia

## Biocombustible de segunda xeración 100% español

Unha empresa española comercializa un innovador biocombustible de segunda xeración que contribúe a reducir o volume de residuos presentes nas entulleiras. A pegada de carbono do combustible obtido é un 97% menor respecto ao combustible de orixe fósil.

Dos residuos orgánicos que os cidadáns depositan no denominado colector de resto, a empresa aproveita toda a fracción de CSR -Combustible Sólido Recuperado, formado por papel, cartón, plástico, madeira ou textil- para sometela a un proceso de descomposición coñecido como pirólisis, que leva a cabo a elevada temperatura (450°C) e en ausencia de osíxeno. De isto resulta, por unha banda, un 10% dun sólido: carbón que serviría para alimentar fornos industriais. Así como dous tipos distintos de gases: un que non se condensa e emprégase para quentar o propio forno pirolítico, de modo que non se consome enerxía durante o proceso; e outro que si o fai -vólvese líquido- e fracciónase, á súa vez, en parte lixeira ou gasolina e unha parte pesada ou diésel.

Fonte: ABC

### Sabías que...

o mundo contén uns 1.400 millóns de km<sup>3</sup> de auga?

Só o 0,003% son recursos de auga doce, auga que pode ser utilizada para beber, asearse, utilizar en industria e agricultura. Pero só entre 9.000 e 14.000 km<sup>3</sup> están dispoñibles para uso humano.

En 2050 a poboación aumentará en case 10.000 millóns de persoas. Será suficiente esta auga para beber e producir os alimentos de todos?



# Boas Prácticas

## As rexións que xa conseguen autoabastecerse con enerxía renovable

Varias illas ao redor do planeta puxeron en marcha proxectos para funcionar con enerxía 100% renovable producida no seu territorio.

Con 45km<sup>2</sup> e 600 habitantes, Ta'ou, na Samoa Americana, é a primeira illa do mundo que se abastece ao 100% de enerxía renovable durante todo o ano. Utiliza a enerxía solar que obtén con 5.300 paneis solares repartidos pola súa superficie. Para os habitantes de Ta'ou este mecanismo ecolóxico supuxo ter enerxía durante todo o ano, antes dependían de traer o fuel a bordo dun ferry que, debido ás inclemencias do tempo, podía estar semanas sen atracar no porto.

O ano 2020 é a meta que se marcou a illa neerlandesa de Aruba, no Caribe, para autoabastecerse ao 100% con enerxía renovable. Un proxecto moi ambicioso dado que teñen 110.000 habitantes. As autoridades caribeñas pretenden alcanzar este obxectivo grazas á enerxía solar, eólica, geotérmica, almacenamento eléctrico, e mesmo, aeroxeradores *offshore* flotantes.

A illa grega de Tilos buscará abastecerse de enerxía 100% renovable cun proxecto piloto que comezaron en setembro. Trátase dun sistema composto por un parque de paneis fotovoltaicos e unha turbina eólica que xerará e almacenará enerxía suficiente para toda a illa. Converterase así na primeira illa 100% renovable do Mediterráneo.

Fonte: El Mundo

## Material biodegradable para substituír as bolsas de plástico

Un grupo de estudantes da carreira de enxeñería en biotecnoloxía da Facultade de Química da Universidade Autónoma de Querétaro, México, deseñan un biopolímero con base en subproductos da agroindustria para a fabricación de bolsas de plástico degradables.

“[...] O plus do noso proxecto é que, polos materiais que utilizamos para a súa elaboración, a nosa bolsa podería ser ata comestible, é dicir, si chega aos vertedoiros ou mesmo ao mar, os animais poden comela e non resultarlles tóxica”.

Fonte: Ecoticias

## Axenda Ambiental

- 25/04/2018 Día Internacional da Conciencia sobre o Problema do Ruido
- Ata 26/04/2018 Concurso de fotografía sobre Sanidade Vexetal e Cambio Climático
- 27/04/2018 – 30/04/2018 Biomaratón 2018. City Nature Challenge
- Ata 6/05/2018 Convocatoria Premios Cidadáns #EuGreenWeek

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: [medioambiente@dacoruna.gal](mailto:medioambiente@dacoruna.gal)